

ACTA DA XUNTANZA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CHAPELA 26.01.2015

ORDE DO DIA

- 1.- Aprobación das actas anteriores.
- 2.- Orzamentos xerais 2015 para Chapela.
- 3.- Actuacións orzamentos participativos.
- 4.- Informe de temas pendentes: Pasarela de Cubillón, Escolleira de Arealonga, Saneamento en Chapela, etc.)
- 5.- Aportacións o Regulamento dos Consellos Parroquiais
- 6.- Rogos e preguntas

No multiusos de Chapela, sendo as vinte horas e quince minutos do día vinieseis de xaneiro de dous mil quince , baixo a Presidencia, por delegación do Alcalde de Redondela, de Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, actuando como secretaria eu mesma, M^a Nieves Boullosa Rodríguez, e coa asistencia dos/as representantes formalmente propostos e convocados que a continuación se relacionan, constitúese o Consello Parroquial de Chapela, en sesión ordinaria conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

REPRESENTANTES DOS GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS

BNG: Xosé Xavier Balsas Barbeira

AER: Javier Bastos Devesa

3.- REPRESENTANTES DE ENTIDADES VECIÑAIS

- Perfecto García Martínez (en substitución de Roberto Villar Rodríguez)

3. REPRESENTANTES DAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS

- Fernando Casas Gómez

1.- REPRESENTANTE DAS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS

- Rafael Baltasar Cela Acevedo

1.- REPRESENTANTE DAS ANPAS

- Carlos Álvarez Vidal

1.- REPRESENTANTE DA COMUNIDADE DE MONTES

- Francisco Puch Casal

1.- REPRESENTANTE DA ASOCIACION DE MULLERES

- María Isabel Álvarez González

Pola presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar a Orde do Día.

1.- Aprobación das actas anteriores.

Pola Presidencia sométense a aprobación as actas dos Consellos Parroquiais celebrados en datas 30.09.14 e 04.12.14, que quedan aprobadas por unanimidade coas seguintes modificacións: Xavier Balsas, pide que se modifique na acta do 30.09.14 no punto 4ª o apartado onde di: “Hai catro anos fixo un estudio gratuito a Universidade e no camiño da praia non se podía retirar as pedras” debe dicir: Hai catro anos fixo un estudio gratuito a Universidade e na praia non se podía retirar as pedras” e Fernando Casas, pide que conste na acta de data 04.12.14, que o Consello parroquial se reafirma en que a cesión se faga a favor da Asociación Cultural de Chapela.

2.- Orzamentos xerais 2015 para Chapela.

O Presidente da conta das obras a ter en conta nos orzamentos xerais para o ano 2015:

- Acondicionamento de acceso ao multiusos.
- Aire acondicionado multiusos.
- Saneamento en Camiño Real.
- Obra entrada a Cidadelle.
- Asfaltado de camiños: Balandros, Lavanco, Bubela, Rebouza, camiño Real ...
- Muro de contención no camiño da Bruxa.
- Proxecto gardería.
- Gastos que xenera a piscina.
- Convenio coa escola de música.

Francisco Puch, manifesta que non é normal como esta o acceso o multiusos, xa que ten que ter unha entrada en condicións, en arrancar onde esta o canabal.

O Presidente manifesta que se vai acondicionar a entrada e a zona de atrás, xa que hai que ir acorde co diñeiro que se ten.

En relación co saneamento en camiño Real, manifesta que unha empresa estivo limpando un pouco o río e a Xunta asignou un enxeñeiro para facer proxectos , un dos proxectos e o bombeo de Cornido pero como hai problemas coa autopista vaise a empezar por abaixo.

Francisco Puch, manifesta que ao lado do centro de saúde de Chapela hai un cheiro enorme.

Javier Bastos, manifesta que peor son as augas fecais da depuradora que van a parar a praia, e pregunta como están os aliviadeiros da depuradora de Teis.

O Presidente manifesta que ese é un tema de Vigo.

En relación coa obra de entrada a Cidadelle, estase revisando o proxecto para sacar a concurso.

Xavier Balsas, pregunta si no proxecto da gardería non hai tema de competencias como no centro de día.

O Presidente manifesta que unha vez asinada a cesión dos terreos, o compromiso e facer a gardería, xa que a obra, e a contratación do persoal é cousa da Xunta.

Javier Bastos, pregunta si hai compromiso asinado da Xunta.

O Presidente manifesta que esta apalabrado, que a gardería a pode pedir calquer partido e que na última xuntanza se comprometeron.

Xavier Balsas, solicita que o Concello faga as xestións pertinentes para ter un acordo coa Xunta por escrito.

Baltasar Cela, pregunta si o diñeiro perdido o ano pasado podese recuperar.

O Presidente, manifesta que hai un compromiso de que no momento que se teñan os terreos hai gardería, foi o que se falou nunha xuntanza hai 15 días.

Carlos Álvarez, aporta un escrito con deficiencias no colexio de Laredo.

Javier Bastos manifesta que chove dentro da piscina.

O Presidente manifesta que onde hai goteiras hai filtracións de auga xa que o chan non está ben impermeabilizado, quizás teñan que botar un piso, e nas zonas onde hai condensación caen goteiras.

Baltasar Cela, manifesta que as mámparas das duchas son un escándalo, e as taquillas non son de madeira.

3.- Actuacións orzamentos participativos

Xavier Balsas, manifesta que si o orzamento xeral é máis baixo, e salvo que se modifique algo, pregunta canto vai ser a contía para este ano

O Presidente manifesta que vai subir o 1%

Javier Bastos, manifesta que nunca se fixo unhas xornadas para informar os veciños de como son os orzamentos participativos.

Perfecto García, manifesta que non sabe en que participan, xa que as cousas que se piden non se fan, que sigue protestando polas tapas das farolas que están sin poñer porque é un tema que lle preocupa.

O Presidente manifesta que o compromiso do equipo de Seguridade e Hixiene era que antes do 31.12.14 os 31 cuadros tiñan que estar cambiados xa que era unha prioridade.

Francisco Puch, di que hai temas puntuais que hai que actuar de inmediato, que no torreiro os cables están ao aire, e ten que haber unha protección.

O Presidente manifesta que poden aportar por correo electrónico propostas para os orzamentos participativos.

4.- Informe de temas pendentes: Pasarela de Cubillón, Escolleira de Arealonga, Saneamento en Chapela, etc.)

O Presidente expón os planos definitivos para a construción da pasarela de Cubillón.

M^a. Isabel Álvarez, manifesta que xa debía de estar arranxada hai tempo.

Francisco Puch, pregunta si vai pagar o Concello.

Xavier Balsas, pregunta si non se falou máis do apeadeiro.

O Presidente manifesta que vai pagar ADIF e en relación co apeadeiro non hai contestación. Que na pasarela hai rampa e escaleiras, que ven ata o parque infantil pequeno e despois asfaltase a zona.

Baltasar Cela, pregunta si vai por detrás da casa Cándido.

Carlos Álvarez, pregunta si se vai arranxar o camiño detrás da casa Cándido.

Francisco Puch, pregunta para cando vai ser as obras.

O Presidente manifesta, que a pasarela farase dende as pistas hacia o Froiz. Co camiño se vai a adecentar e que as obras están en licitación.

O Presidente manifesta que en relación coa Escolleira de Arealonga a fai a Autoridade Portuaria a curto prazo antes da tempada de vran.

Francisco Puch pregunta que zona vai ser.

O Presidente manifesta que do extremo do río hacia ala, que xa estiveron 4 veces os da Autoridade Portuaria e Costas, xa que as correntes poden influir ou non, e

hai que protexer o muro e que a area non marche.

Xavier Balsas, pregunta si esa boa vontade ten que ver coa intención de poñer un pantalán diante da praia, xa que hai un anuncio do 23.12.14 da intención de facer un pantalán.

Carlos Álvarez, manifesta que acabou a concesión e vaise facer unha nova que teñen que presentar proxecto e vai ser Club Náutico.

M^al. Isabel Álvarez, pide que se revisen as losetas das aceras xa que algunhas estan levantadas, (diante tintoreria Chapela).

O Presidente manifesta que estiveron operarios dous meses tomando losetas.

Baltasar Cela, pregunta si van a cortar as herbas que estan na parte esquerda do Alto da Encarnación.

O Presidente manifesta que é de Fomento.

Perfecto García, pregunta cando se arranxa o camiño xunto a discoteca.

O Presidente manifesta que arranxarase a próxima semana.

5.- Aportacións o Regulamento dos Consellos Parroquiais

O Presidente manifesta que se fagan aportacións a través de participación cidadá para modificar o Regulamento dos Consellos Parroquiais para poder debatilas.

Javier Bastos, manifesta que hai que comunicarllo a todas as Asociacións para participar, a veciñanza ten que aportar ideas.

Carlos Álvarez, manifesta que os que lle interesa estan aquí.

Fernando Casas, manifesta que 1 primeira vez que pasou unha acta e a orde do día para unha xuntanza dixeronlle que o arranxaban co Concello.

Xavier Balsas, propon que a convocatoria do Consello a reciban todas as asociacións.

Javier Bastos, manifesta que o Presidente ten que preocuparse de que os representantes do Consello parroquial se reunan entre eles. Que hai que convocar a todas as Asociacións culturais para que se xunten e manden propostas.

O Presidente manifesta que si hai algo que cambiar que se fagan as aportacións.

6.- Rogos e preguntas.

Francisco Puch, manifesta que hai que facer un proxecto en condicións para Chapela, xa que non son capaces de urbanizar unha zona donde esta o multiusos e a Igrexa, que para facer un acceso en condicións para o multiusos non fai falta expropiar.

Carlos Álvarez, manifesta que as actas do Consello non estan colgadas na páxina web, e a relación de membros non esta actualizada.

O Presidente manifesta que vai preguntar que pasou no departamento de novas tecnoloxias, xa que as actas foron remitidas no seu día para a súa publicación e en relación coa actualización dos seus membros, comunicarase o departamento de participación cidadá.

Carlos Álvarez, pregunta como esta o do transporte metropolitano.

O Presidente, manifestalle que vai o pleno o día seguinte.

Francisco Puch, solicita que se baixen as taxas de enganche de auga e sumidoiro xa que é unha burrada o importe que se esta cobrando.

O Presidente manifesta que tamén é unha burrada o que costa o saneamento nas parroquias.

E, non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as vinteduas horas e cuarenta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria, dou fe.